

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº41/ Ano: 2021 / 2º xornal mes de novembro / Estado de 6ª onda

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Dos grandes aunienses, **Josefa** e a súa filla **Vitoria**, deixáronos entre os meses de setembro e novembro. Xunto con Cesáreo, xenro e marido, non abandonaron a súa Illa, aínda que tiñan casa en Bueu. Ons era o seu mundo e non foron quen de adaptarse á vida no continente, entre outras cousas, porque non querían, a súa vida e traballo estaba en Ons. Non lles importaba estar sos, é máis, era no inverno cando mellor estaban, sobre todo agora xubilados, pescando, coidando os froitos e os animais,..., só os anos en Josefa e unha cruel enfermidade en Vitoria, fixeron o que parecía imposible, que abandonaran a súa Illa de Ons. DEP. **Páx. 4**

HAI RELEVO XENERACIONAL PARA PASAR O INVERNO EN ONS

Aínda que, dende 1979 en que todos os veciños de Ons tiñan casa no continente, houbo algunhas familias que decidiron seguir vivindo todo o ano na Illa. Pero non puideron co paso do tempo e, ao ir falecendo, parecía que ninguén ía a seguir os seus pasos, pero si.... **Páx. 1**



ARTESÁNS EN ONS

Ane e Txoto, dous pioneiros da artesanía na Illa de Ons. **Páx. 5**



BANDEIRA AZUL PARA AREA DOS CANS

Estamos a final de ano e é o intre en que os concellos solicitan as Bandeiras Azuis para as súas praias. Este ano o Concello de Bueu pedirá a Bandeira Azul para unha praia de Ons? **Páx. 2**

HemerONSteca

O afundimento do patrulleiro francés Barsac na Illa de Onza, puido ser o motivo dunha traxedia na Illa. **Páx. 3**



PANEL RUTA ARQUEOLÓXICA

Os paneis informativos sofren deterioro, hai casos nos que é necesario un arranxo. **Páx. 3**

ONS, ROCHAS SEN VIDA

Que pasa nas rochas de Ons da parte leste? **Páx. 5**

HAI RELEVO XENERACIONAL PARA PASAR O INVERNO EN ONS

Baixo o título de “Os irredutibles de Ons” David García, correspondente do Faro de Vigo no Morrazo, introducíanos na vida de dúas familias que viven en Ons todo o ano, a de Rosa Pérez e Pepe de Miro.

Os veciños de Ons miráronse obrigados a unha emigración forzosa cara ao continente, pero varias familias, aínda tendo casa en Bueu, nunca abandonaron a Illa, agás días sinalados por circunstancias concretas.

Checho e Elvira, Rogelio e María, Emilio e Chefa e Cesáreo e Vitoria, viviron sempre na Illa, ata que, por falecemento dalgún dos seus membros ou por enfermidade, tiveron que desistir.

Ata hai uns anos, só as familias dos irmáns Cesáreo e Emilio eran os únicos que quedaban alí. Coa morte de Emilio, quedou só a familia de Cesáreo, pero, dende hai pouco Pepe de Miro e Rosa Pérez, tamén invernan na Illa. Agora Cesáreo tivo que abandonar por grave enfermidade da súa muller que, por desgraza, faleceu o 26 de novembro.

O apego á terra que os veu nacer que teñen os aunienses é asombrosa, en especial, para as persoas maiores de 50 anos, entusiasmo que transmiten aos seus fillos, netos e bisnetos. De aí que pasen longas tempadas na Illa sempre que as súas obrigacións llelo permiten. A falla de servizos, sobre todo dun porto de abrigo para os seus barcos, fai imposible unha permanencia máis alá da etapa estival.

Aínda así, moitas familias non dubidarían en pasar, senón todo o ano, si longas tempadas, cultivando pequenas leiras e mantendo animais (galiñas, porcós, ovellas,...), pero a falla de servizos básicos, fan, senón imposible, si moi difícil o levalo a cabo.



Foto arriba: Pepe de Miro e a súa muller na casa no barrio de Caño.
Foto abaixo: Rosa Pérez, a carón da súa finca no barrio de Pereiró.



Pepe de Miro e a súa muller, Isa, coidan da horta que, durante o inverno, daralles eses produtos que acompañarán ao peixe, cefalópodos,..., á carne de galo e galiña, aos ovos,... Produtos autóctonos que cultivan con agarimo na súa horta auniense.



Rosa Pérez na súa casa de Pereiró, xunto ao consogro e ao seu veciño Adolfo. Fronte á casa as fincas que traballa con moito mimo para ter reservas para o duro inverno. E o galiñeiro que lle da ese aporte de carne e ovos. Rosa é filla da Siña Rosa a parteira que axudou a traer ao mundo a moitos aunienses e do Sr. Domingos (Cachote) o único carpinteiro de ribeira que houbo en Ons. Polas súas mans pasaron case todas as dornas aunienses.



ONS NA MEMORIA

Si, non o pensen máis, había que ter moita destreza para ter un baño “decente” na casa ou a carón dela. Facer un buraco e encher o fondo con cal viva para que non cheirara e cada certo tempo limpalo e baleiralo. Gustaríame ver a unha familia dos que ocuparon e ocupan cargos políticos na Consellería que administra Ons, pasando uns días nunha casa auniense doutros tempos, con esas “comodidades”, a ver canto tempo duraban nela e non digamos se tiñan nenos pequenos.

Pero, como nunca experimentaron esa “grata experiencia”, pois, negábanlle aos aunienses a traída de auga, facer pozos,..., e aínda así, cando os tiveron, despois de moita loita veciñal, poñíanlles problemas para adaptar a casa, ou unha edificación anexa, para facer un baño.

AREA DOS CANS: UNHA PRAIA CON BANDEIRA AZUL

Volvo de novo á carga con este tema pois é a finais de ano cando os concellos teñen que presentar as propostas para solicitar as Bandeiras Azuis para as praias do seu municipio que coiden poden posuíla.

Quero reiterar que Ons, dende 2019 coa posta en funcionamento do Prux, só admite a 1.300 visitantes por día; con iso quero dicir que a petición para Ons dese Distintivo, non é para atraer a máis turistas, xa que non poden ser máis de 1.300, é por conseguir un *Símbolo de Concienciación Ecolóxica e Medioambiental* que axudará a coñecer mellor o estado ambiental das praias aunienses e, á vez, contribuirá a conseguir ese tan ansiado galardón que persigue a Xunta de declarar a todas as illas do Parque <Patrimonio da Humanidade>.

Cada vez o ten máis doado o Concello, con baños e Primeiros Auxilios a menos de 100 m. da praia. Ter en conta que case todos os requisitos que se piden para poder optar á Bandeira, xa os debería cumprir por ser unha praia pertencente a un Parque Nacional, pois, de non cumprilos, habería que preguntarlle a Parques onde está o fallo, polo que, os gastos que vai ter o concello son mínimos e aproveitables para anos sucesivos.

Só está o problema dos socorristas, que non entendo aínda o por que (falaremos diso noutro Onstopus) pero din que deses cartos que veñen da Unión Europea, unha cantidade será repartida entre os municipios que teñen illa do Parque, polo que, quizais disporán dun diñeiro extra, que, como din continuamente, non poden empregar en obras na Illa por non ter competencias, pero si poderán investilo en socorristas. Miraremos a ver que pasa.

Enlaces en Onstopus sobre este tema:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/02/Onstopus-02.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/31/onstopus-31.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/32/onstopus-32.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/34/onstopus-34.pdf>



Na foto da esquerda arriba vese a pasarela que vén case dende o peirao e chega ata a praia de Area dos Cans. Uns metros antes de chegar á area, ten un pequeno balcón (círculo) que podería ser a zona de vixilancia dos socorristas.

Mesmo detrás do balcón, foto de abaixo, (en cadrado vermello) a zona de mesas e o lugar onde podería situarse unha caseta e uns baños desmontables para servizo de socorristas e bañistas.

A menos de 50 m. cara arriba, están as latrinas e a caseta grande de Primeiros Auxilios.

PANEL DA RUTA ARQUEOLÓXICA

PineirÓns levaba anos pedindo nos seus Informes á Consellería, que se puxeran paneis informativos en certos lugares emblemáticos da Illa para que os visitantes se informaran. (Foron facéndoo en anos posteriores)

Con moito acerto o auniense e daquela concelleiro de Medio Ambiente no Concello de Bueu, Adrián Ferrer, solicitou unha subvención a Parques para realizar unha Ruta Arqueolóxica circular con paneis informativos que, en certo modo nalgúns lugares, viñeron a solucionar a petición que PineirÓns fixera a Parques.

Este panel, do Xacemento Romano de Canexol, foi obxecto de deterioro causado polos vándalos que as veces visitan a Illa, á vez, non sei por que motivo, non foi situado no lugar que lle correspondía e onde se atopa o xacemento. Se é que chegan eses cartos para o concello de Bueu, podería ser unha boa idea que arranxaran o panel, engadiran unhas fotos máis acordes ao atopado nas últimas escavacións e o puxeran no terreo que hai diante da casa Reitoral de Canexol, por ter máis espazo, ou no lugar xusto onde se atopa o xacemento.



FALLECIMIENTO DE UN HERIDO.—Falleció en el Hospital Provincial, el niño de siete años, Eugenio Patiño Méndez, que había sufrido quemaduras graves en el incendio de una casa ocurrido hace días en la Isla de Ons. Con éste son cuatro los fallecimientos que originó dicho incendio.

DESGRACIADO ACCIDENTE.—

Una de las pasadas noches, ocurrió un lamentable suceso en la Isla de Ons. Un marinero llamado Eugenio Patiño Reiriz, de 50 años de edad, halló en el mar, cuando se dedicaba a las faenas de la pesca, un artefacto con materias explosivas, llevándolo a su domicilio y guardándolo en el interior de una arca.

Hallándose durmiendo, al igual que su esposa, Juana Méndez Comesaña, de 42 años de edad, y una hija de ambos, llamada Camila, de 5 años, se acercó a la cama otro hijo, de 7 años de edad, solicitando encendiesen una luz. Eugenio encendió una cerilla, prendiendo un aparato de carburo, y arrojando luego aquélla, que al parecer cayó en el interior del arca.

El artefacto en cuestión se inflamó y prendió fuego a los objetos que había en el interior del mueble, propagándose las llamas a la cama del matrimonio y a las de los tres hijos. Algunos miembros de la familia, que eran once, salieron al exterior, quedando dentro la esposa de Eugenio con su hija Camila y dos hijos más, Eugenio y José, de 9 y 7 años, respectivamente. El jefe de la familia y un hijo suyo, de 26 años, llamado Manuel, volvieron a penetrar en la vivienda para salvarlos, sufriendo quemaduras en la cara, manos, brazos y otras partes del cuerpo.

La esposa de Eugenio y su hija Camila presentaban heridas gravísimas, falleciendo la primera a las diez de la noche del día en que ocurrió el accidente, y su hija, a la mañana siguiente.

Eugenio y sus hijos Manuel, José y Eugenio, fueron traídos al Hospital provincial, en donde se hallan en estado muy grave.



O patrulleiro Barsac e munición atopada en Onza do Barsac. (Faro de Vigo)

HemerONSteca (El Correo Gallego 14 de febrero de 1942)

No Correo Gallego do ano 1942 atopamos esta terrible noticia acaecida na Illa de Ons, onde unha familia auniense sufriu a perda de varios dos seus membros pola explosión dun artefacto que atoparan no mar e que gardaban debaixo dunha das camas da vivenda.

Aínda que nas proximidades de Ons ocorreron moitos naufraxios, moi poucos, polo menos que eu saiba, eran de orixe militar e levaban artefactos explosivos ou munición abordo.

Temos que pensar que este achado ten que ver co afundimento do patrulleiro francés Barsac que tivo lugar nas proximidades da Illa de Onza e que os seus restos quedaron espaxados polo fondo do lugar onde ocorreu o 6 de xaneiro de 1940.

Podemos atrevernos a pensar que ese veciño, ao igual que moitos outros, que se dedicaban á pesca do polbo coa arte do espello, traballaron, ou achegáronse ata o lugar do naufraxio, e co propio espello puideron visualizar o fondo, chamándolle a atención calquera material que viran e que podían izar á dorna sen problema coa axuda do bicheiro. Así puido ser o inicio desta fatal historia que acabou en traxedia.

Para saber algo máis:

http://bueu.esy.es/Revistas/Os%20Galos/09/07_Naufraxio_Tinon.pdf

<https://www.farodevigo.es/opinion/2014/04/07/proxectis-do-barsac-17239399.html>

JOSEFA (nai) E VITORIA (filla), MATRIARCAS DA FAMILIA DE CESÁREO, DÉRONNOS O SEU ADEUS



Vitoria

Dúas boas mulleres que nunca abandonaron a Illa que as veu nacer, deixáronos en menos de dous meses. O traballo e a súa familia foron a súa grande teima. A familia, e todos os que tivemos a sorte de coñecelas e que hoxe choramos a súa perda; *xamais as esqueceremos*



Josefa

O matrimonio Vitoria e Cesáreo, xunto cunha das súas bisnetas, no balcón terraza da súa casa auniense que lles servía de relax e atalaia.




Principios dos anos 80 s.XX. Comezan os Campamentos en Pereiró. Vitoria, xunto a Chefa (muller de Chin) e Encarna (Cotuna), forman un imprescindible trío de cocineiras que fixeron delicias nos padais dos rapaces do campamento.

Cesáreo o día que foi recoller o diploma que lle concederán a el e á súa muller Vitoria pola súa contribución ás Festas da Illa. Ela non puidera asistir e no seu lugar foi o seu bisneto Cesáreo.



Vitoria, muller de forte carácter, podía presumir de moitas virtudes, pero, dende logo, como mariñeira, e máis andando á seca nas súas augas, non había mariñeiro que lle tusira. Na foto capturando unha centola co bicheiro.



A casualidade fixo que, xusto cando Vitoria faleceu, na RTVE sacaban o programa "Reduce tu huella" dedicado ás Illas Atlánticas onde, no espazo destinado a Ons, Cesáreo e Vitoria eran os seus principais protagonistas como aunienses que pasaban alí todo o ano.

Foto: Fotograma do programa rtve2.

OS ARTESÁNS DA ILLA DE ONS (I). ANE e TXOTO

Aínda que na revista cultural AUNIOS dedicámoslles @s artesáns, que ao longo do tempo pasaron pola Illa, un espazo ben merecido, hoxe aquí, en ONSTOPUS, traemos a presentación dos máis emblemáticos polo tempo que levan na Illa, polo traballo que realizan e polo seu apego a este arquipélago e ás súas xentes. Así se presentan en palabras de Ane:

"Ola, somos Carlos (Txoto) e Ane e levamos vendendo artesanía en Ons dende hai 26 anos.

Cofecemos a Illa por separado. Estivemos cando tiñamos 20 anos, el por un lado e eu polo meu. A primeira vez que vin, xa sentín que estivera antes aquí. Érame moi familiar..., quizais noutra vida, vivimos aquí.

Cando nos fixemos noivos ou o amor xuntounos, falabamos de Ons emocionados. Así que decidimos camiñar xuntos.

A primeira noite na acampada facía moito vento e unha parelliña de 19 anos, que non avisaran en casa que se viñan, prendéuselles a tenda de campaña. Os poucos que andabamos por alí fai 24 anos, axudamos a apagar o lume e coidar aos afectados, que atopábanse en moi mal estado...

Daquela non había móbiles, nin coches en Ons. A Illa, nestes 30 anos, cambiou moito: as épocas..., o tipo de xente, pero o que non cambiou é a esencia de Ons. Conexións.

Aquí respiras, sénteste máis libre, a súa beleza é incomparable!!!

Os catro meses que permanecemos aquí, de maio a setembro (que non saímos a terra), vivimos nunha casíña pequena na que temos horta. Nunha illa así ou te axudas ou non tes nada que facer...

O primeiro ano non tiñamos artesanía, nin material, así que buscamos ósíos de gaivotas mortas, cunchas e ósos de churrasco..., e creamos colares..., ata o día de hoxe.

Intentamos axudar en todo o que poidamos ás xentes de aquí, tanto veciños como turistas. Tamén, a nosa artesanía está feita con amor, o mesmo que sentimos por Ons. Considerámonos fillos de Ons, amámola igual que ás súas xentes, co bo e co malo.

Se volveramos a nacer, seguiríamos elixindo Ons. Amámoste!!

Non esquecervos de parar neste chiringuito, fronte á de Checho e ao lado da do Acuña, se non é para comprar, polo menos para mirar a nosa arte e falar.

Grazas Ons, por todo os que nos dáis.



Ons: Rochas sen vida



Foto arriba esquerda: Rochas dende o Castelo da Rueda ata o peirao.

Foto arriba dereita: Rochas a carón do peirao ata a Laxe do Crego.

Foto de abaixo: Rochas de Canexol-Pereiró.

Hai uns cantos anos que Pineiróns, nos seus Informes, comunica á Consellería o estado das rochas da zona leste da Illa que van dende o Castelo da Rueda ata a Mexilloeira en Pereiró, pois, unhas rochas que ata hai dez anos estaban cheas de vida (mexilla, mexillón, lapas, pineiras..., arneiróns) hoxe atópanse baleiras, brancas, sen vida mariña. A que é debido?

Ata o de agora non deron contestación ningunha, como se agocharan algo. Nós dimos, segundo o que escoitamos tanto a mariñeiros como a persoas máis ou menos cualificadas, unhas posibles causas, pois falouse dos líquidos que utilizaron para limpar o chapapote do Prestige, tamén faláron dos bateiros que sacan a mexilla, tocaron o tema dos barcos mercantes que fondean fronte a Ons e que poden aproveitar para limpar sentinas..., e, a que maioritariamente nos últimos anos máis adeptos ten, que é polas augas que bota a depuradora e que, debido aos líquidos utilizados, provocan esta mortandade mariña.

Dende logo non quero ser eu o que bote a culpa a alguén, pero si teño (temos) dereito a que, dende a Consellería de Medio Ambiente e Parques, como xestores da Illa, informen a veciños e visitantes interesados a que é debido ese problema, que quizais é competencia da Consellería do Mar investigalo, pero si, como fixo Pineiróns e fago eu agora, ninguén llo pide, nunca haberá unha resposta clara que, sobre todo, evite especulacións negativas contra unha illa pertencente a un Parque Nacional e contra o organismo que a administra.

Quero aproveitar para solicitar unha investigación sobre o tema e que dean información clara e avalada por técnicos do motivo desta falla de vida nas rochas de Ons, que, dende logo, pido (pedimos), que sexa algo natural, pero, por favor, que nolo digan, que informen. A ver se é así.

*Felicitación do Nadal de Pineiróns
que fago extensible a todos os lectores de
ONSTOPUS*

BOAS FESTAS 2021

Asociación Cultural

“Pineiróns”

Minixornal

“Onstopus”